



UN GOBERNO CENTRADO EN AMES

O grupo municipal do BNG de Ames fai balance dun mandato marcado pola incidencia da COVID-19 na política local. Dous anos de forte aposta do goberno de coalición polas políticas sociais, a axuda aos colectivos máis afectados pola crise sanitaria e a mellora de infraestruturas públicas.

Ames, 4 de xuño de 2021

A situación motivada pola pandemia dende o mes de marzo de 2020 supuxo un **punto de inflexión** na política e un **cambio nas prioridades** do goberno municipal aos nove meses de iniciarse o mandato 2019-2023. Este **novo escenario**, que afectou de forma tan directa á sociedade, puido afrontarse con garantías grazas á **capacidade de traballo** e a **solvencia** dun **goberno estable e cohesionado** que xa contaba coa **experiencia** acumulada dende o ano 2015.

Unha boa mostra da capacidade de adaptación á nova situación foi a modificación orzamentaria, para poder afrontar as necesidades máis urxentes e que permitiu dotar ao Concello de Ames do **quinto orzamento municipal anual consecutivo que xa se aproxima aos 30 millóns de euros no ano 2021, para unha poboación que supera actualmente os 32.000 habitantes.**

A **estabilidade política e orzamentaria** resultou fundamental para afrontar unha etapa de enormes dificultades, priorizando dende un primeiro momento as axudas e a atención ás persoas e ás familias con maiores necesidades a través dos **servizos sociais** do Concello de Ames e dos **programas de conciliación** da vida laboral e familiar nos centros escolares, entre outros. Así como as axudas aos colectivos máis afectados coa parálise da mobilidade e a actividade laboral, en particular os autónomos e as pequenas empresas locais a través do **Plan Reactiva Ames** e a colaboración con outras institucións, en particular as axudas da Deputación da Coruña a través do PEL e a Xunta de Galicia. Neste senso, **a colaboración institucional** resultou fundamental e Ames foi un exemplo de traballo conxunto nun tempo no que a xente agardaba a máxima implicación dos responsables políticos para afrontar esta situación. Unha boa mostra desta cooperación foi a posta en funcionamento do **novo centro de saúde do Milladoiro** en xaneiro de 2021 ou a finalización do **novo comedor escolar do CEIP A Maía** no mes de maio.

Neste período o Concello de Ames, como institución, foi capaz de adaptarse ás necesidades de **teletraballo** para seguir a funcionar no día a día, tanto na xestión administrativa como na actividade política. Adaptámonos á administración electrónica e á

realización de xuntanzas en liña do goberno, comisións e Plenos da Corporación ou a manter o contacto non presencial co tecido asociativo e con outras administracións. Neste senso, trasladamos o noso máximo **recoñecemento aos traballadores e traballadores do Concello de Ames**, que deron e seguen a dar o mellor de cadaquén, demostrando unha enorme profesionalidade e responsabilidade.

Por si os cambios foran poucos, no mes de abril de 2021, no primeiro aniversario do inicio da pandemia, houbo un cambio na alcaldía do Concello de Ames. A **exemplaridade** coa que se realizou esta transición e o nomeamento do novo Alcalde reforzou a **unidade e a comunicación interna** e animou a seguir a desenvolver o noso programa de goberno de cara ao 2023.

Ademais dos xa citados programas de conciliación, que mantiveron con éxito a súa actividade durante todo o curso escolar 2020/21 e da administración electrónica, reforzamos o traballo realizado no ámbito da cultura, mocidade e normalización lingüística. Entre as que destacamos a **reprogramación de actividades**, o dinamismo das bibliotecas municipais cos **Encontros Literarios ou os Dixicontos**, a adaptación da **Radio Municipal e a Escola de Música** á nova situación e creando o **Consello Sectorial da Cultura** como órgano de participación. O impulso á **oficina de información xuvenil OMIX**, o novo festival **SolporSon**, a creación de espazos de lecer como os **anfiteatros e os parques de calistenia**, ou programas específicos de fomento do galego como Youtubeir@s, Galetiktokers, Apego, arte urbana e Trouleando, entre outros.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG de Ames fai un **balance positivo** no ecuador deste mandato despois de dous anos moi complexos, pero que permiten traballar con **optimismo** e establecer **novos retos** que temos por diante, como exemplo destacar os investimentos previstos no **Plan EDUSI – Impulsa Ames**, a construción dun novo **CEIP no Milladoiro e a cociña central en Bertamiráns**, o necesario proxecto de **reurbanización da Avenida Rosalía de Castro na N-550**, a mellora de **equipamentos culturais e deportivos**, a dotación de **infraestruturas no rural**, a necesaria **recuperación ambiental do río Sar e a creación dunha empresa municipal de xestión do ciclo integral da auga**, entre outros, como exemplo dun **Ames máis sostible e integrador para vivir e traballar**. En definitiva, con futuro.

Con este obxectivo e coa experiencia adquirida durante os seis anos de goberno agardamos, en consecuencia, seguir a aumentar a **confianza dos nosos veciños e veciñas no proxecto político do BNG** reforzado nas eleccións municipais, autonómicas e do Estado, cun apoio maioritario que situou ao nacionalismo galego como lista máis votada da esquerda en Ames en xullo de 2020. Do mesmo xeito, agardamos seguir a **reforzar a nosa organización interna** coa incorporación de novos afiliados/as e simpatizantes de todas as idades que cada día están a sumarse ao proxecto anovador do BNG de Ames. Un goberno centrado en Ames.

Grazas.

Contacto: ames@bng.gal

Tlf: 615322723

<https://ames.bng.gal/>